

**25 NOVEMBRO 2014**

**DÍA INTERNACIONAL CONTRA A VIOLENCIA MACHISTA**

Hoxe, 25 de novembro, volvemos saír á rúa para seguir loitando pola **erradicación de toda violencia de xénero**, para berrar xuntas que estamos fartas de tanta violencia e de tanta impunidade, para chamar á participación na loita que estamos a levar a cabo as mulleres traballadoras. Unha loita global contra este sistema explotador e patriarcal, para esixir que os gobernos deixen de recortar os dereitos sociais e laborais e que invistan todo o necesario para que non se produza nin un asasinato máis de mulleres a mans dos seus agresores.

Un día máis no que dicimos **abonda xa! da violencia machista**, da violencia de estado que xera a desigualdade entre os sexos dentro deste sistema patriarcal no que vivimos.

Vergoña teríalles que dar ás e ós gobernantes das distintas administracións que co seu desleixo, ineptitude e desidia contribúen á perpetuación destes crimes patriarcais. Son responsables directos de que a cifra de mulleres asasinadas por violencia machista este ano, como o anterior e o anterior, sexa escandalosa, aumentando cada ano o número de vítimas.

O 25 de novembro é un día, pero a violencia de xénero está presente a cotío na rúa, na escola, na televisión... En **calquera espazo social pode esconderse un agresor**. Porque existen moitas formas de exercer a violencia de xénero, temos que traballar dende todos os ámbitos que están ao noso alcance: laboral, cultural, sindical, educativo, solidario, xurídico, etc... para eliminala dunha vez por todas das nosas vidas.

Os asasinatos de mulleres son a cara máis visible de toda a cultura patriarcal na que vivimos e á que estamos sometidas, cultura que está baseada na dominación do home sobre a muller, en subvalorizar as mulleres, en facelas sentir inferiores, en ocupar papeis e roles sociais secundarios, unha cultura na que **a muller se concibe só como un obxecto**, unha mercadoría de usar e tirar.

Dende a CGT chamamos á **autoorganización das mulleres** para defendermos mellor, chamamos á acción directa para loitar pola nosa emancipación. As nosas ferramentas de loita son a denuncia pública, o exercicio dos nosos dereitos, o exercicio das nosas liberdades, a práctica da solidariedade entre nós, a educación na igualdade, a rebelión contra a inxustiza e a discriminación que sufrimos.

**ACCIÓN DIRECTA**

**PARA A ERRADICACIÓN DE TODAS AS VIOLENCIAS.**

**NINGUNHA AGRESIÓN SEN RESPOSTA**

DÍA INTERNACIONAL CONTRA A VIOLENCIA MACHISTA

# 25N ACCIÓN DIRECTA



AUTODEFENSA

DIGNIDADE

IGUALDADE

## NINGUNHA AGRESIÓN SEN RESPOSTA



### CONFEDERACIÓN XERAL DO TRABALLO

[www.egtgalicia.org](http://www.egtgalicia.org)

[www.rojoynegro.info](http://www.rojoynegro.info)



DÍA INTERNACIONAL CONTRA LA VIOLENCIA MACHISTA

DÍA INTERNACIONAL CONTRA LA VIOLENCIA MACHISTA

INDUKEREA MATXISTAREN AURKAKO MAZAZARTAKO EGUNA

DÍA INTERNACIONAL CONTRA A VIOLENCIA MACHISTA